



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO  
O DÍA 12 DE SETEMBRO DO 2024.**

**Sesión 14/2024-P**

|   |  |
|---|--|
| <p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira<br/>D. Marcos Villar López<br/>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández<br/>D. Xosé Fernando Fariña Andrade<br/>D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo<br/>D. Ricardo Berrocal Fariña<br/>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa<br/>D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral<br/>D. Sergio García López<br/>D. Breogán Blanco González<br/>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro<br/>D. Fernando España López (Chano)<br/>D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto<br/>D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)<br/>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente»)<br/>D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p> | <p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 12 de setembro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p> |
|---|--|

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario e urxente do concello de Sada.

**1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

O presidente, sr. Portela Fernández, xustifica os motivos da urxencia da sesión en que mañá, día 13 de setembro, remata o prazo para a presentación do POS+2024 adicional.

Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

## 2º.- POS+2024 COMPLEMENTARIO.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, do 09 de setembro do 2024, que recolle literalmente:

«PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2024

*Plan Complementario*

*Dada conta do requirimento efectuado pola Excm. Deputación provincial de subsanación do proxecto incluído no Plan Complementario ao POS+2024 denominado Humanización do Parque do Porto, e unha vez presentado o proxecto subsanado, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da Humanización do Parque do Porto, redactado polos Arquitectos D. Faustino Patiño Cambeiro, co n.º de Colexiado 3505, e D. Ignacio Juan Prieto López, Colexiado n.º 3750, de Prieto Patiño Arquitectura SLP, subsanando deficiencias na documentación do mesmo (declaración obra completa, prazo execución, programa desenvolvemento, etc.), cun orzamento de 215.477,18 €.*

*Segundo.- Declarar que este concello confirma que este proxecto incluído no POS+2024 Complementario e aprobado con carácter de reserva, se inclúa no POS+ Adicional 2/2024».*

Abre o debate o sr. Graña Mosquera (BNG), destacando a súa orientación do voto. Intervén a continuación a sra. Pena Álvarez (PSOE, independente) no mesmo senso. A continuación, intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), facendo referencia ó Pleno celebrado o día 8 de febreiro do 2024, no que tamén se tratou o POS+2024, realizando preguntas no senso da transparencia dos proxectos, destacando que co POS sempre agárdase o último día, etc. A continuación, intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), subliñando o resaltado polo alcalde no Pleno do 8 de febreiro do 2024, e destacando o senso do seu voto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 4 UPSA, 1 PSOE-independente e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da Humanización do Parque do Porto, redactado polos Arquitectos D. Faustino Patiño Cambeiro, co n.º de Colexiado 3505, e D. Ignacio Juan Prieto López, Colexiado n.º 3750, de Prieto Patiño Arquitectura SLP, subsanando deficiencias na documentación do mesmo (declaración obra completa, prazo execución, programa desenvolvemento, etc.), cun orzamento de 215.477,18 €.

2º.- Declarar que este concello confirma que este proxecto incluído no POS+2024 Complementario e aprobado con carácter de reserva, se inclúa no POS+ Adicional 2/2024.

## 3º.- POS+2024 ADICIONAL 2/2024.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía, do 09 de setembro do 2024, que recolle literalmente:

«PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024

*Oscar Benito Portela Fernández, alcalde do Concello de Sada, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*



Edificio municipal de uso administrativo  
 Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
 15160 Sada (A Coruña)  
 Tfno.: 981 62 00 75  
 Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

**A) Financiamento de gastos correntes:**

| Gastos correntes  | Deputación  |
|---|-------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base | 245.209,13€ |

**B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):**

| Investimentos financeiramente sostibles<br>SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 | Financiamento dos investimentos |                  |  |                | Orzamento total |
|---|---------------------------------|------------------|--|----------------|-----------------|
|   | Deputación                      | Concello         |  | Total concello |                 |
|   |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible<br>(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable ) |                |                 |
| Humanización do Parque do Porto   | 215.477,18                      | 0                | 0  | 0              | 215.477,18      |
| <b>TOTAL</b>  | 215.477,18                      | 0                | 0  | 0              | 215.477,18      |

| Investimentos financeiramente sostibles novos<br>(NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024) | Financiamento dos investimentos |                  |  |                | Orzamento total |
|--|---------------------------------|------------------|--|----------------|-----------------|
|  | Deputación                      | Concello         |  | Total concello |                 |
|  |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible<br>(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable ) |                |                 |
| Reforma das dependencias da Policía Local  | 154.155,69                      | 0                | 0  | 0              | 154.155,69      |
| <b>TOTAL</b>   | 154.155,69                      | 0                | 0  | 0              | 154.155,69      |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2024<br><br>2ª FASE | Deputación | Concello         |  | Total Concello | Orzamento Total |
|--------------------------------------|------------|------------------|--|----------------|-----------------|
|                                      |            | Achega municipal | IVE soportado deducible<br>(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable ) |                |                 |



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

|  |            |   |   |   |            |
|--|------------|---|---|---|------------|
| <b>Gastos correntes do 2024</b><br><i>(distintos dos solicitados no POS+2024 Base)</i>                               | 245.209,13 |   |   |   | 245.209,13 |
| <b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</b><br><i>(non incluír os solicitados na 1ª fase)</i> | 215.477,18 | 0 | 0 | 0 | 215.477,18 |
| <b>Investimentos novos</b><br><i>(non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)</i>                             | 154.155,69 | 0 | 0 | 0 | 154.155,69 |
| <b>TOTAL</b>   | 614.842,00 | 0 | 0 | 0 | 614.842,00 |

2º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Abre o debate o sr. Graña Mosquera (BNG) facendo hincapé na importancia da inversión no Concello e comentando o senso do seu voto. A continuación intervén a sra. Pena Álvarez (PSOE-*independente*) destacando tamén a importancia da inversión, comentando o senso de seu voto, e facendo hincapé no informe desfavorable do técnico. Intervén agora a sra. Arias Ferreiro (PP) preguntando polas melloras do vial de Mondego, polas mellores na casa de Meirás. Tamén incide na importancia da inversión para o Concello e, no mesmo senso que a sra. Pena Álvarez sobre o informe do técnico municipal. A continuación, intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), incidindo na documentación e trámites que fan falla para o POS, e na competencia para levar a cabo o desenvolvemento do POS. O Alcalde, a continuación, matiza que as obras citadas pola sra. Arias Ferreiro (PP) están incluídas no POS principal.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 9 (4 PP, 4 UPSA e 1 PSOE-*independente*)

Resultando aprobado por maioría o seguinte **ACORDO**:

1º.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2024**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| Gastos correntes   | Deputación  |
|--|-------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024 distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base | 445.209,13€ |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):**

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 | Financiamento dos investimentos |                  |  |                | Orzamento total   |
|--|---------------------------------|------------------|--|----------------|-------------------|
|  | Deputación                      | Concello         |  | Total concello |                   |
|  |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible<br>(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable ) |                |                   |
| Humanización do Parque do Porto  | 215.477,18                      | 0                | 0  | 0              | 215.477,18        |
| <b>TOTAL</b>   | <b>215.477,18</b>               | <b>0</b>         | <b>0</b>   | <b>0</b>       | <b>215.477,18</b> |

| Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024) | Financiamento dos investimentos |                  |  |                | Orzamento total   |
|---|---------------------------------|------------------|--|----------------|-------------------|
|   | Deputación                      | Concello         |  | Total concello |                   |
|   |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible<br>(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable ) |                |                   |
| Reforma das dependencias da Policía Local   | 154.155,69                      | 0                | 0  | 0              | 154.155,69        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>154.155,69</b>               | <b>0</b>         | <b>0</b>   | <b>0</b>       | <b>154.155,69</b> |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

### C) Resumo de financiamento:

| POS+ ADICIONAL 2/2024<br><br>2ª FASE   | Deputación | Concello            |  |                   | Orzament<br>o Total |
|--|------------|---------------------|--|-------------------|---------------------|
|  |            | Achega<br>municipal | IVE<br>soportado<br>deducible<br>(só cando<br>sexa<br>deducible<br>nos<br>abastecem.<br>de auga<br>potable ) | Total<br>Concello |                     |
| <b>Gastos correntes do 2024<br/>(distintos dos solicitados no POS+2024<br/>Base)</b>                               | 245.209,13 |                     |  |                   | 245.209,13          |
| <b>Investimentos incluídos no Plan<br/>Complementario ao POS+ 2024<br/>(non incluír os solicitados na 1ª fase)</b> | 215.477,18 | 0                   | 0  | 0                 | 215.477,18          |
| <b>Investimentos novos<br/>(non incluídos no Plan Complementario<br/>ao POS+ 2024)</b>                             | 154.155,69 | 0                   | 0  | 0                 | 154.155,69          |
| <b>TOTAL</b>   | 614.842,00 | 0                   | 0  | 0                 | 614.842,00          |

2º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000014

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 17 minutos do día xoves 12 de setembro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).